



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

Concello do Porriño

BASES DO PROCESO DE SELECCIÓN DOS/AS ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO "PORRIÑO LABORA" 2021.

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL

DOCUMENTO;

Data inicial de exposición: 05-10-2021

Data final de exposición: 18-10-2021

Primeira.- OBXECTO E NORMAS XERAIS.

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán no proceso de selección do alumnado-traballador participante no Obradoiro Dual de Emprego "PORRIÑO LABORA", promovido polo Concello de O Porriño e subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade, de conformidade co previsto na propia Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento TR353A). (Publicado no DOG nº 22, do 3 de febreiro de 2021) e na Circular núm. 6/2021 de data 15-06-2021 da Dirección Xeral de Formación e Colocación.

As prazas de alumnos/as-traballadores/as que se convocan son:

8-Prazas para as especialidades de TRABALLOS DE CARPINTERÍA E MOBLE // MECANIZADO DE MADEIRA E DERIVADOS // APLICACIÓN DE VERNICES E LACAS EN ELEMENTOS DE CARPINTERIA E MOBLE // INSTALACIÓN DE ELEMENTOS DE CARPINTERÍA - Nivel 2.

8-Prazas no ámbito ALBANELERÍA/FONTANERÍA-CLIMATIZACIÓN para as especialidades de OPERACIÓNS AUXILIARES DE REVESTIMENTOS CONTINUOS EN CONSTRUCCIÓN // OPERACIÓN DE FONTANERÍA E CALEFACCIÓN-CLIMATIZACIÓN DOMÉSTICA - Nivel 1.

Segunda.- OBRIGAS DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas teórico-prácticas.
- Asistir e seguir con aproveitamento as ensinanzas básicas e complementarias no caso de que non posuír a titulación do Graduado Escolar ou Graduado en ESO.
- Respetar as normas de réxime interior establecidas polos órganos colexiados unipersoais do obradoiro de emprego legalmente constituídos.
- Aceptar o posto de traballo que a través do obradoiro de emprego se lle poida xestionar.

Terceira.- RELACIÓN XURÍDICA DOS/AS ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS PARTICIPANTES COA ENTIDADE PROMOTORA.



Cod. Validación: KOG.LXL.FMKZ.P7A.LAQ.HCCGNZ | Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 14





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Desde o inicio da súa participación no programa de Emprego as persoas seleccionadas nas prazas de alumnado-traballador serán contratadas pola entidade promotora (Concello de O Porriño) mediante a modalidade de contrato para a formación e aprendizaxe.

Os contratos de traballo serán a xornada completa e cunha duración de nove meses (non poderán exceder en ningún caso a data de remate do obradoiro de emprego).

A relación laboral rexeráse polo disposto no artigo 15.1 a) do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, Lei 63/97 do 26 de decembro (BOE, 30 de decembro), modificado art.1º do R.D. Lei 5/2001 do 2 de marzo (BOE do 3 de marzo).

Como referencia, o alumnado-traballador percibirá, como salario bruto mensual, o Salario Mínimo interprofesional anualmente establecido.

Cuarta.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

4.1. Requisitos xerais:

- Preferencia aqueles/as aspirantes que non tenan participado noutro obradoiro de emprego.
- Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o normal aprendizaxe das ensinanzas a impartir con ocasión do desenvolvemento do proxecto formativo.
- Adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

4.2. Requisitos mínimos:

1. Ter 18 ou máis anos de idade.
2. Estar desempregado, entendéndose nesta situación ás persoas demandantes de emprego rexistradas no Servizo Público de Emprego de Galicia, que carezan de ocupación remunerada e estean dispoñibles para o emprego.
3. Cumprir os requisitos establecidos na normativa reguladora do contrato para a formación e aprendizaxe, co obxecto de ter vinculación mediante un contrato de tales características ao obradoiro de emprego, desde a súa incorporación ao proxecto, en aplicación do previsto no artigo 11.2 e na disposición adicional segunda do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.
4. Cando a formación a impartir no proxecto vaia dirixida á obtención de certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3, cumprir cos requisitos de acceso sinalados nos reais decretos que regulan ditos certificados.

(Resolución de 13 de febreiro de 2020, de la Dirección General de Orientación y Promoción Laboral, por la que se convocan pruebas de





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

evaluación en competencias clave para acceder a los certificados de profesionalidad de nivel 2 y 3 de cualificación (DOG nº 38 de 26 de febrero de 2020).

4.3. Requisitos preferentes:

Persoas que tendo previsto a realización deste tipo de medida no seu itinerario de inserción profesional, teñan especiais dificultades de inserción no mercado de traballo, tales como:

- Mulleres vítimas de violencia.
- Emigrantes retornados
- Mulleres en xeral.
- Persoas que esgotaran as prestacións e subsidios por desemprego.
- Persoas paradas de longa duración.
- Persoas maiores de 45 anos.
- Persoas que carecen de títulos universitarios e de FP de grao superior, excepto para os certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 3.
- Persoas con discapacidade sempre que poidan realizar os traballos.
- Persoas beneficiarias do tramo de inserción da renda de inclusión social de Galicia.

NOTA: Terán prioridade absoluta as mulleres vítimas de violencia doméstica, incorporadas e beneficiarias do programa de fomento de inserción laboral de mulleres vítimas de violencia, debidamente xustificada (Orde do 2 de maio de 2006-DOG do 10 de maio de 2006).

4.4. Causas de exclusión:

- Incumprir os requisitos mínimos
- Falta de documentación acreditativa.
- Falsear os datos da solicitude (cuestionario).
- A expulsión doutro programa de formación en alternancia co emprego.
- Estar en posesión dalgún dos certificados de profesionalidade que se van a impartir no Obradoiro de Emprego.
- A Participación con anterioridade noutro programa mixto de emprego e formación

Quinta.- SISTEMA DE ADMISIÓN: OFERTA DE EMPREGO TRAMITADA Á OFICINA DE EMPREGO.

O sistema de admisión de candidatos/as será o de oferta de emprego, tramitada na oficina de Emprego correspondente ao domicilio do Concello de O Porriño mediante os modelos normalizados correspondentes.

O proceso selectivo iniciárase coa presentación de oferta de emprego por parte da entidade promotora (Concello de O Porriño) ante o Servizo Público de Emprego de Galicia.





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

- a) **AMBITO XEOGRAFICO:** Concello do Porriño. De non atoparse candidatos suficientes (tres por posto), ampliarase a sondaxe, cos mesmos requisitos, aos concellos limítrofes, dando prioridade a aqueles concellos que non teñan proxectos de obradoiros de emprego.
- b) **REQUISITOS ALUMNOS:** os requisitos establecidos na base cuarta.
- c) **Numero de candidatos a remitir:** 3 por posto, cun nivel profesional de PEON, AXUDANTE OU OFICIAL DE 3a.

Realizada a sondaxe por parte da oficina de emprego, esta comunicará ás persoas candidatas a forma, lugar e prazo na que deberán presentar no Concello do Porriño unha SOLICITUDE (que se inclúe como **Anexo I** destas bases), xunto coa achega imprescindible da documentación necesaria que acredite o cumprimento dos requisitos necesarios establecidos na base cuarta e aquela outra que xustifique os criterios que se valoren na fase de baremación, e en concreto, os seguintes:

- Fotocopia do DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.
- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
- Se é o caso, acreditación da axuda ou prestación por desemprego
- Se é o caso, informe de servizos sociais acreditativo de pertenza a colectivo desfavorecidos ou en risco de exclusión social

Serán motivos de exclusión do proceso de selección:

- A non presentación na hora e lugar indicados.
- Non cubrir ou non entregar a SOLICITUDE de participación.
- Non presentar a documentación requirida.

Comprobados os requisitos, a lista de candidatos/as que pasan á fase de entrevista e baremación exporase no taboleiro de anuncios da propia entidade promotora, publicarase na Sede Electrónica (<https://oporrino.sedelectronica.gal>), e na oficina de emprego encargada da tramitación da oferta de emprego. Indicarase, igualmente, o lugar, data e hora na que se convocarán para as probas de selección correspondentes (entrevista).

Se, unha vez avaliadas as solicitudes e comprobados os requisitos, quedan menos de dúas persoas por praza, o Tribunal de selección poderá solicitar novos candidatos/as á oficina de emprego para contar con dúas persoas por praza nesta fase de entrevista, co fin de garantir a correcta selección dos participantes.

As bases que regulan o proceso selectivo e toda a documentación informativa que se elabore con respecto a esta convocatoria tamén estarán expostas, cando menos, no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño,





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

podendo ser consultadas en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres en días laborables, así como na Sede Electrónica (<https://oporrino.sedelectronica.gal>).

Sexta.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección axustase ao establecido nos artigos 60 e 61 do Estatuto Básico do Empregado Público, e estará integrado por catro membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e dous vogais e quedará integrado polas persoas que designe a Presidencia.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ninguén.

A composición dos tribunais será fundamentalmente técnica e os seus membros deberán estar en posesión de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas. Así mesmo, poderán ser designados membros suplentes do Tribunal de selección, cos mesmos requisitos.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan. Considerarase validamente constituído coa participación nas sesións de traballo de, polo menos, tres dos seus compoñentes.

O tribunal encargarse da elección dos candidatos e candidatas mellor valorados e coordinará o desenvolvemento de todo o proceso de selección. Igualmente, queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Sétima.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN:

7.1. Sistema de selección

O sistema de selección constará de dúas fases:

- Entrevista persoal
- Fase de baremación.

Como se establece na base quinta, pasarán á fase de entrevista os/as candidatos/as, enviados pola oficina de emprego, que presenten a solicitude e cumbran cos requisitos establecidos nestas bases reguladoras do proceso de selección.





A entrevista persoal, que deberá facerse con anterioridade á baremación dos criterios obxectivos. O Tribunal establecerá antes do inicio da entrevista persoal as entrevistas a realizar co obxecto de avaliar o interese dos desempregados/as en participar no proxecto e as súas aptitudes e capacidades, tanto as de carácter xeral como as relativas á súa adecuación ás singularidades do proxecto formativo e a adaptabilidade á oferta dos postos que se van desempeñar.

Valoraranse os seguintes aspectos:

- CONTIDO..... MÁXIMO 9 PUNTOS
- COHERENCIA E ORGANIZACIÓN MÁXIMO 4 PUNTOS
- CLARIDADE NA EXPOSICIÓN MÁXIMO 4 PUNTOS

Terá un valor máximo de **17 puntos**.

As puntuacións da fase de entrevista, publicarase na Sede Electrónica (<https://oporrino.sedeelectronica.gal>), e de forma complementaria no taboleiro de anuncios da entidade promotora e na oficina de emprego encargada da tramitación da oferta de emprego.

A fase de baremación consistirá nunha avaliación das circunstancias persoais e profesionais dos candidatos, presentados a entrevista e que permanezan no proceso de selección, por medio dun baremo obxectivo (que se inclúe como **ANEXO II** destas bases).

A puntuación máxima desta fase será de **17 puntos**.

A declaración provisional das puntuacións desta segunda fase farase nunha sesión do tribunal de selección. Da sesión realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as puntuacións provisionais outorgadas segundo o baremo. Exporase a relación provisional destas puntuacións no taboleiro de edictos do Concello do Porriño, na paxina web municipal www.oporrino.org, na sede electrónica do Concello do Porriño (<https://oporrino.sedeelectronica.gal>), e no taboleiro de anuncios da oficina de emprego do Porriño.

Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e a data de exposición da relación definitiva do proceso de selección.

7.2. Puntuación final das persoas candidatas

O tribunal de selección, unha vez rematadas as fases de selección descritas no anterior apartado, establecerá as puntuacións finais das persoas candidatas (tendo en conta que a puntuación máxima será de 20 puntos e virá dada pola suma dos puntos acadados en cadansúa fase) e a súa cualificación en base ás seguintes posibilidades: titular da especialidade, suplente, non seleccionado, non presentado.

Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

A listaxe de admitidos/as para participar no Obradoiro dual de Emprego, será publicada na sede electrónica do Concello do Porriño (<https://oporrino.sedelectronica.gal>), e de forma complementaria será exposta nos taboleiros do Concello do Porriño e da oficina de emprego na que foi realizada a sondaxe, e na paxina web municipal www.oporrino.org.

7.3. Criterios para dirimir posibles empates

Os criterios para dirimir os empates, no proceso de selección, dos participantes no proxecto formativo como alumnos/as-traballadores/as, serán:

1. Teñan a maior idade.
2. Teñan o menor nivel académico.
3. Teñan menor experiencia laboral.

7.4. Lista de reserva

A lista de reserva estará integrada polas persoas candidatas que se presentasen ó proceso de selección e que nas cualificacións finais figuren como SUPLENTE, ordenadas segundo a puntuación final e os criterios establecidos no anterior apartado.

Esta lista empregárase para cubrir as vacantes que se produzan unha vez iniciada a prestación da actividade polos inicialmente seleccionados.

No suposto de que a lista de reserva esgotárase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa incorporación ao proxecto formativo, procederáase a iniciar un novo procedemento selectivo.

Oitava.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Nun prazo máximo de 3 días hábiles desde a publicación da relación de aprobados na sede electrónica deste Concello [<http://oporrino.sedelectronica.gal>] e na páxina web municipal www.oporrino.org.

Os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria e concretados en:

1. Orixinal e copia do DNI en vigor.
2. Orixinal e copia da tarxeta da Seguridade Social.
3. Orixinal da titulación requirida para o posto (para o seu cotexo).
4. Certificado do nº de conta bancaria (co nº IBAN) cos 20 díxitos onde conste como titular.
5. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

Non será necesario achegar aqueles documentos que xa obren no expediente mediante orixinal ou copia autenticada.

Os que dentro do prazo indicado e agás casos de forza maior non presentaran a documentación, non poderán ser contratados, quedando anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puideran incurrir.

Cumpridos os requisitos anteriores, a Alcaldesa - Presidenta, de acordo coa proposta do tribunal cualificador, procederá a formalizar os correspondentes contratos de traballo cos candidatos seleccionados.

Novena.- Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na sede electrónica deste Concello ós efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, ós representases dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Así mesmo os participantes autorizarán a comprobación no Servizo de Emprego de Galicia o seguimento e control dos requisitos específicos necesarios dos candidatos establecidos na Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021.

Décima.- INCIDENCIAS E RECLAMACIÓNS:

De conformidade co previsto polo artigo 14º da Orde do 31 de decembro de 2021 da Consellería de Emprego e Igualdade (DOG nº 22, do 03-02-2021), non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

O Tribunal de Selección será o encargado de resolver as incidencias e reclamacións que puideren derivarse do proceso de selección establecido nestas bases, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.





Concello do Porriño



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO DE
SELECCIÓN DOS/AS ALUMNOS/AS-TRABALLADORES/AS DO
OBRADOIRO DE EMPREGO "PORRIÑO LABORA" 2021

D./Dna.							
DNI núm.			e enderezo en :				
			Nº.			Piso.	
Código postal			Concello				
Teléfono 1			Teléfono 2			Nacionalidade	
Email					Data de nacemento		

-FORMACIÓN ACADÉMICA. Indica a titulación que posúes na actualidade:

- Certificado de estudos primarios Graduado escolar ESO sen aprobar
- Graduado en ESO FP1 ou Ciclo medio de
- BUP COU Bacharelato
- FP2 ou Ciclo superior de
- Proba de acceso CM Proba de acceso CS
- Proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos
- Diplomado Licenciado Grao

¿Realiza estudos na actualidade? NON SI ¿Cáles?

.....

- COMPETENCIAS CLAVE. Posúe COMPETENCIAS CLAVE establecidas para os Certificados de Profesionalidade?: NON SI

-Competencia Matemática.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Castelá.....Nivel 2Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Galega.....Nivel 2.....Nivel 3.....

-Comunicación en Lingua Estranxeira (Inglés) Nivel 2 Nivel 3.....

- NIVEL DE LINGUA GALEGA:

- Celga 2 Celga 3 Celga 4 Iniciación Perfeccionamento





Concello do Porriño



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

-CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL REALIZADOS (Inem, Sepe, Xunta Galicia).

NOME DO CURSO	CENTRO	HORAS / DURACIÓN	ANO

-Foi ALUMNO dalgunha Escola Obradoiro, Casa de Oficios ou Obradoiro de Emprego?

NON SI. En caso afirmativo:

Escola/Obradoiro:

Especialidade: _____

Ano de realización: _____

- ¿PORQUE LLE INTERESA PARTICIPAR NESTE PROXECTO?

.....

.....

.....

- ¿QUE ESPERA OBTER CON ESTE OBRADOIRO DE EMPREGO?

.....

.....

.....

-EXPERIENCIA PROFESIONAL. Relacione os distintos traballos realizados:

.....

.....


.....

.....

.....

- ASINOU NALGÚN MOMENTO ALGÚN CONTRATO DE APRENDIZAXE/FORMACIÓN?

NON SI.





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

- **¿TEN PLANIFICADO ALGÚN ITINERARIO PROFESIONAL DE INSERCIÓN?** NON SI.

En caso afirmativo, está prevista a realización dun obradoiro de emprego no seu itinerario? NON SI.

¿Especialidade?

-**PERCIBE PRESTACIÓN OU SUBSIDIO DE DESEMPREGO?**
NON SI.

- **¿PERCIBE ALGÚN OUTRO TIPO DE AXUDA ECONÓMICA (RAI, RISGA.....)?** NON SI.

¿Cal?

- **¿PERTENCE ALGÚN COLECTIVO DESFAVORECIDO OU EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL?**
NON SI (En caso afirmativo, terá que acreditarlo)

-**POSÚE VOSTEDE ALGUNHA DISCAPACIDADE?** NON SI.
INDIQUEA (En caso afirmativo, terá que acreditarlo),
.....

-**CANTOS MEMBROS CONSTITÚEN A SÚA UNIDADE FAMILIAR?**
..... **Cantos teñen ingresos?**

-**POSÚE VOSTEDE ALGÚN PROBLEMA QUE LLE IMPIDA DESENVOLVER O TRABALLO CON NORMALIDADE?**
.....
.....

EXPOÑO:

Que informado da convocatoria do proceso selectivo ao que se refire a presente instancia, considero reunir os requisitos esixidos nas bases de dita convocatoria e achego a seguinte documentación (copia simple) (sinalar con una X).

- DNI actualizado.
- Vida Laboral actualizada (aínda que non teña experiencia laboral).
- Acreditación da maior titulación académica adquirida.





Concello do Porriño

- Se é o caso, acreditación das competencias clave adquiridas.
- Se é o caso, acreditación do seu grao e tipo de discapacidade.
- Se é o caso, acreditación da axuda ou prestación por desemprego.
- Se é o caso, informe de servizos sociais acreditativo de pertenza a colectivo desfavorecidos ou en risco de exclusión social

DECLARO:

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos que figuran nesta solicitude.

SOLICITO:

Ser admitido no proceso selectivo ao que se refire a presente instancia.

Achéganse páxinas.

En O Porriño, a dede 2021

Asdo. o/a solicitante:





Concello do Porriño



UNIÓN EUROPEA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

ANEXO II

BAREMO DE SELECCIÓN DO ALUMNADO DO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO

CRITERIOS		PUNTOS
Discapacidade \geq 33% (Sempre que poidan realizar os traballos)		1
Idade	De 18 ata 25 anos	1
	De 26 ata 39 anos	2
	> de 40 anos	3
Experiencia laboral (Segundo vida laboral actualizada)	Ningunha	3
	Ata 12 meses	2
	> 12 meses	1
Protección por desemprego	Ningunha	3
	Perceptores de subsidio ou axudas (RAI, PREPARA, ACTIVA, RISGA)	2
	Perceptores de desemprego	1
Tempo de desemprego desde o último traballo (segundo vida laboral actualizada)	Máis de 18 meses	3
	Máis de 12 meses	2
	Menos de 12 meses	1
Nivel de Formación Académica	Baixa (que non posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2 ou 3, titulo de F.P.) Ata graduado en ESO.	3
	Media (que posúan un carne profesional, certificado de profesionalidade de nivel 2, FP ciclo medio ou Bacharelato)	2
	Alta (que posúan certificado de profesionalidade de nivel 3, titulo de FP de ciclo superior ou titulación universitaria)	0,5





Concello do Porriño



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE
EMPREGO E IGUALDADE

<p>Pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social</p>	<p>Colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social. Factores ponderados polos servizos sociais comunitarios no contexto persoal, familiar e social da persoa que condicione negativa e gravemente a súa inclusión social e laboral. Acreditado mediante informe do departamento de servizos sociais do concello de referencia.</p>	<p>1</p>
---	--	----------

TOTAL máximo ... 17 puntos

* De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE



Cod. Validación: KQGLLXLFMKZJPTASLAQHCEGNZ | Corrección: <https://oporriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 14